



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodeLousame.com
concellodeLousame@concellodeLousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DO PLENO DE LOUSAME

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 19 DE DECEMBRO DE 2017

ASISTENTES:

Alcaldesa:

M^a Teresa Villaverde Pais (GPM PP)

Concelleiros:

Ramón Manuel Martínez Rial (GPM PP)

María Regenjo Vázquez (GPM PP)

Silvia Agrafojo Filgueira (GPM PP)

Ramón García Conde (GPM PP)

Julio M. D. Paradela Busto (GPM PSdG-PSOE)

Beatriz González Bargo (GPM PSdG-PSOE)

Iván Bermúdez Castro (GPM PSdG-PSOE)

Ausentes:

Ramón Figueira Pérez (GPM PP)

Amador Turnes Núñez (GPM BNG)

Xosé Tubío Rodríguez (GPM PT)

Secretaria-Interventora:

Paula Ares Otero

Na localidade de Lousame (A Coruña), sendo as 10:00 horas do día 19 de DECEMBRO de 2017, no Salón de Plenos do Concello de Lousame, reúnese a **Corporación Municipal en Pleno**, en sesión **EXTRAORDINARIA E URXENTE**, previamente convocada, baixo a Presidencia de D^a. M^a Teresa Villaverde Pais, coa asistencia e ausencia dos concelleiros que se enumeran ao marxe.

A Corporación está asistida pola Secretaria-Interventora do Concello, en réxime de acumulación, D^a. Paula Ares Otero, que da fe do acto.

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do núm. legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE RESOLUTIVA:

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 19.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. Aprobación, se procede, da ratificación da urxencia da sesión.
2. Aprobación inicial, se procede, das bases que rexerán o concurso ordinario para a provisión da praza de secretaría-intervención do Concello de Lousame.
3. Aprobación, se procede, da participación no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018"

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

A Alcaldía explica os motivos da urxencia da sesión, dando seguinte proposta de ratificación da urxencia da sesión:

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requiríndose que o pleno do ente local, ratique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

As bases reguladoras do "Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018", establecen como data máxima para presentar a solicitude o día 20.12.2017. Para isto é preciso ter elaborados os proxectos técnicos que se van incluír no Plan, a cantidade que se vai destinar a reducir endebedamento, a pago a provedores, etcétera. Toda esta documentación non foi posible tela ultimada até o día de hoxe, 15.12.2017, fundamentalmente pola situación excepcional de carencia de persoal técnico no Concello, motivada pola situación de vacante da praza de secretaría-intervención e pola situación de IT do persoal do departamento de contabilidade.

Convocar o pleno sen carácter de urxente, implicaría celebralo o día 20.12.2017. Este é o último día de presentación da solicitude a través da plataforma subtel, sendo a hora máxima de presentación as 14:00 horas.

Para non apurar este prazo ao máximo, xa que poderían existir problemas de índole informática ou outras circunstancias imprevisibles, considérase xustificado celebrar o pleno o día anterior, 19.12.2017.

*Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 19.12.2017.*





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Aproveitando a convocatoria desta sesión, tamén se inclúe outro punto de relevancia. Neste exercicio 2017 quedou vacante a praza de secretaria-intervención do Concello, por concurso da persoa titular. Para cubrir esta praza existen dúas posibilidades: o concurso ordinario e o concurso unitario. O concurso ordinario é aquel no que ademais de valorarse os méritos estatais e autonómicos, cada concello pode valorar méritos específicos. Convócase no primeiro semestre de cada ano natural e resolveríase dentro do 2018. O concurso unitario é supletorio, de tal xeito que no caso de que os concellos non acudan ao concurso ordinario, o ministerio incluírá as prazas vacantes no unitario, que se convoca no último trimestre do ano natural e se resolve no primeiro trimestre do seguinte ano, isto é, no 2019.

A participación no concurso ordinario implica a aprobación inicial das bases que o rexerán e un trámite de información pública, para remitir o expediente ultimado á Dirección Xeral de Administración Local antes do 10.02.2018. Tendo en conta que o vindeiro pleno ordinario será no mes de xaneiro do 2018, considérase xustificado a inclusión deste punto na orde do día.

Por todos estes antecedentes, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que RATIFIQUE a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o martes día 19 de decembro de 2017.

Lousame, a 15 de decembro de 2017.

A alcaldesa

M^a Teresa Villaverde Pais

.....
A Alcaldesa pregunta se hai intervencións.

Ante a ausencia de intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por cinco (5) votos a favor (dos concelleiros do GPM do PP) e tres (3) abstencións (dos concelleiros do GPM do PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría simple, adopta o seguinte ACORDO: Ratificar a urxencia da sesión do 19.12.2017.

2) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DA PRAZA DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE LOUSAME.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 19.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa explica e da conta da proposta que se somete a aprobación do pleno corporativo:

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE BASES QUE REXERÁN O CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DA PRAZA DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE LOUSAME

<<Logo de ver que a praza de secretaría-intervención do Concello de Lousame está vacante, cómpre proceder á súa provisión en propiedade incluíndo a dita praza no vindeiro concurso ordinario de méritos que se convoque.

O concurso ordinario de méritos é un sistema normal de provisión, tal e como establece o artigo 19 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro sobre o exercicio das competencias da comunidade autónoma de Galicia, respecto dos funcionarios con habilitación de carácter nacional e o artigo 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Así, é necesaria a aprobación das bases do concurso ordinario que fixen os méritos específicos do Concello de Lousame, que estean directamente relacionados coas características do posto de traballo e as funcións correspondentes e que garantan a idoneidade do candidato para o seu desempeño, así como a superación dos cursos de formación e perfeccionamento sobre as materias relacionadas con ditas características e funcións, debéndose remitir toda a documentación antes do 10 de febreiro á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Os méritos específicos valóranse en relación a tres grandes grupos. O primeiro, constituído por elementos diferenciados dentro da experiencia profesional do funcionario, non derivada da mera antigüidade (xa tida en conta no escalafón de méritos xerais), senón do seu traballo como habilitado nacional en entidades locais cunhas características competenciais semellantes ás do Concello de Lousame. O segundo grupo valora a formación especial, de carácter oficial, nunha multiplicidade de áreas que impliquen un coñecemento do funcionario no maior número de materias posibles. O terceiro grupo valora a actividade docente dirixida ao ensino de materias sobre o réxime local.

Logo de ver a Memoria que obra no expediente mediante a que se xustifica a inclusión dos méritos nas bases que rexerán o concurso ordinario que se convocará no 2018, e que outorgarán o 5% da puntuación total, isto é, 1,5 puntos, aos que se sumarán os méritos estatais e autonómicos que posúan os aspirantes.

Atendendo ao disposto no artigo 20 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios de habilitación de carácter nacional, a competencia para a aprobación destas bases corresponde ao pleno da Corporación.

*Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urgente do día 19.12.2017.*





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Á vista dos antecedentes e fundamentos expostos, o Pleno Corporativo do Concello de Lousame **ACORDA**:

Primeiro: Incluír a praza de secretaria-intervención do Concello de Lousame no próximo concurso ordinario, de acordo co establecido no artigo 19 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios de habilitación de carácter nacional.

Segundo: Aprobar inicialmente as seguintes bases que rexerán o concurso ordinario da praza de secretaria-intervención do Concello de Lousame, e que outorgarán un máximo de 1,5 puntos en atención aos méritos específicos, segundo o establecido no artigo 92 bis da Lei de Bases de Réxime Local, introducido pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade local:

Bases que rexerán o concurso ordinario para a provisión da praza de secretaria-intervención do Concello de Lousame (A Coruña)

Entidade e provincia: Concello de Lousame (A Coruña)

Denominación e clase de posto: secretaria-intervención

Subescala e categoría: secretaria-intervención, sen categoría

Poboación a 01.01.2016: 3.429 habitantes

Complemento de destino: 28

Complemento específico anual: 14.712,56 €


Baremo de méritos específicos:

A) Méritos profesionais (até un máximo de 0,72 puntos)

A.1) Servizos prestados en postos de traballo reservados a funcionarios de habilitación de carácter nacional da subescala de secretaria-intervención ou secretaria, en concellos de Galicia, calquera que sexa o tipo de nomeamento (definitivo, provisional, comisión de servizos ou acumulación), que contén cun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado, adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia ou Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia. Serán valorados a razón de 0,015 puntos por mes completo de servizo até un máximo de 0,36 puntos.

O Concello de Lousame conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Considérase conveniente valorar a experiencia do funcionario en Concellos cun planeamento adaptado, dada a importancia cuantitativa e cualitativa da área de urbanismo na vida municipal (planeamento, xestión, licenzas e disciplina) e tendo en conta que o secretario-interventor está chamado a efectuar o asesoramento xurídico así como o impulso da tramitación administrativa nesta materia.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 19.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Trátase dun mérito que está vinculado directamente ás funcións do posto, xa que o urbanismo non é unha competencia accesoria ou privativa de determinados municipios, senón un ámbito funcional irrenunciable e común a todos os concellos, polo que valorar este mérito resulta congruente e lexítimo. Por outra banda permite valorar unha específica experiencia (en concellos con planeamento adaptado) que resulta positiva para a eficacia municipal. Así tamén o recoñeceu o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa sentenza 842/2011 do 20.07.2011.

A.2) Servizos prestados en postos de traballo reservados a funcionarios de habilitación de carácter nacional da subescala de secretaría-intervención, calquera que sexa o tipo de nomeamento (definitivo, provisional, comisión de servizos ou acumulación), en concellos que presten directamente (con persoal propio) servizos públicos a maiores dos mínimos e obrigatorios que lle correspondan segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, representando o dito persoal unha porcentaxe superior ao 10% do total do persoal do dito concello. Serán valorados a razón de 0,015 puntos por mes completo de servizo até un máximo de 0,36 puntos.

O Concello de Lousame, como municipio cunha poboación inferior a 5.000 habitantes, está obrigado a prestar os servizos de alumeadado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

Pero ademais, o Concello de Lousame, presta outros servizos á cidadanía, non obrigatorios por razón da súa poboación (como o Servizo de Axuda no Fogar, Punto de Atención á Infancia e Centro de Día). A prestación destes servizos faise de xeito directo, a través de persoal propio adscrito aos ditos servizos: 3 efectivos no Servizo de Axuda no Fogar, 2 efectivos no Punto de Atención á Infancia e 4 efectivos no Centro de Día. Este persoal representa a porcentaxe do 24% no total do persoal do Concello de Lousame.

Ter prestado servizos nun concello que xestione directamente servizos públicos, máis alá dos mínimos e obrigatorios, outórgalle ao funcionario de habilitación nacional coñecementos e experiencia específicos nun amplo abano de materias: xestión do persoal adscrito aos ditos servizos (cobertura de vacantes, substitucións temporais), regulación do servizo para a súa utilización polos usuarios, exacción dos ingresos de natureza pública que procedan pola súa prestación e aprobación das ordenanzas específicas, contratación administrativa das subministracións necesarias para a prestación dos servizos, etcétera. Requírese que o persoal adscrito aos ditos servizos non obrigatorios represente unha porcentaxe superior ao 10% do total do persoal do dito concello, para garantir que teña a suficiente relevancia dentro da actividade municipal.

Trátase dun mérito que está vinculado directamente ás funcións do posto e permite valorar unha específica experiencia que resulta positiva para a eficacia municipal.

A experiencia profesional será acreditada mediante certificación expedida polo concello ou entidade na que se prestaron os servizos coa especificación das características sinaladas e tempo de servizos prestados.

*Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urgente do día 19.12.2017.*



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

B) Cursos de formación e perfeccionamento (até un máximo de 0,63 puntos)

Por tratarse dun pequeno municipio, a súa organización administrativa está composta fundamentalmente por persoal administrativo e auxiliar, que precisa dunha colaboración máis intensa do habilitado nacional para a tramitación dos expedientes administrativos que a que poida esixirse noutras entidades con maior número de técnicos especializados nas diferentes áreas administrativas.

Soamente se valorarán os cursos impartidos polas Administracións Públicas (Estatal, Autonómica e local), institutos ou escolas oficiais de administración pública (Inap, Egap, ...), Colexios Oficiais de Secretarios, Interventores e Secretarios-Interventores cando sexan recoñecidos e valorados polas Administracións Públicas e Universidades.

Non se valorarán aqueles cursos que teñan unha duración inferior ás 15 horas nin aqueles cursos realizados con máis de 15 anos de antelación á data da resolución pola que se aprobe a convocatoria do concurso.

Co obxecto de seleccionar un candidato que posúa formación específica no maior número de materias posibles, outorgarase unha puntuación de 0,02 puntos por cada curso, até un máximo de 0,10 puntos en cada unha das seguintes tipoloxías:

- 1 Cursos en materia urbanística (xestión urbanística, disciplina urbanística, aspectos prácticos do urbanismo, etcétera): 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 2 Cursos en materia de contratación administrativa (contratación no ámbito local, aspectos prácticos da contratación, pregos contractuais, etcétera): 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 3 Cursos en materia electoral (réxime electoral local, disolución e constitución de corporacións tras as eleccións, etcétera): 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 4 Cursos sobre o patrimonio (xestión patrimonial nas entidades locais, administración dos recursos patrimoniais, etcétera): 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 5 Cursos en materia expropiatoria, en calquera das súas tipoloxías: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 6 Cursos sobre a xestión dos recursos humanos na administración local, racionalización dos recursos humanos, especialidades sobre o persoal laboral temporal, etcétera: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 7 Cursos sobre os servizos públicos locais: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 8 Cursos sobre a xestión de axudas e subvencións para as entidades locais: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urgente do día 19.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 9 Cursos sobre a actividade de fomento das entidades locais: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 10 Cursos sobre a protección de datos de carácter persoal: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 11 Cursos sobre o dereito de publicidade, publicidade institucional, etcétera: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 12 Cursos sobre a fiscalización dos municipios e o control financeiro da intervención: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 13 Cursos sobre os orzamentos das entidades locais: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 14 Cursos sobre plans de axuste y plans económico-financeiros: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 15 Cursos sobre as tesourerías e xestión de ingresos locais: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 16 Cursos sobre as indemnizacións por razón do servizo: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 17 Cursos sobre poder local, cooperación internacional e acción exterior ou semellantes: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 18 Cursos sobre o dereito público autonómico de Galicia: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 19 Cursos de especialización no coñecemento da lingua galega (linguaxe administrativa media ou superior, redacción de documentos técnico-xurídicos en galego): 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.


A puntuación máxima neste epígrafe será de 0,63 puntos.

A acreditación dos méritos correspondentes aos cursos de formación e perfeccionamento efectuarase por algún dos seguintes medios: 1) mediante a aportación do diploma ou certificado de asistencia no que figure a duración e superación do curso; 2) mediante certificado de servizos expedido pola Subdirección Xeral de Relacións con outras Administracións, onde figuren os cursos recibidos polo funcionario; 3) mediante certificado de servizos expedido polo organismo autonómico competente, onde figuren os cursos realizados polo funcionario.

C) Actividade docente (até un máximo de 0,15 puntos)

Valorarase cando vaia dirixida ao ensino das materias sobre réxime local, procedemento administrativo, contratación pública, urbanismo, persoal e réxime económico financeiro das entidades locais en cursos organizados, homologados ou recoñecidos polo Inap ou Egap.

*Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urgente do día 19.12.2017.*





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 62 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A valoración deste mérito está vinculado directamente ás funcións do posto xa que a actividade docente implica o estudo en profundidade, a especialización e a excelencia nas materias que se imparten; que ao referirse ás propias da actividade municipal, supoñen a adquisición duns coñecementos que resultarán positivos para a eficacia e eficiencia municipais.

A súa valoración será a razón de 0,002 puntos por hora impartida e excluíranse congresos, conferencias, seminarios, xornadas, simposios, encontros ou semellantes. Acreditarase mediante certificado emitido polo organismo competente no que conste a materia e o número de horas impartidas

D) Entrevista persoal

Non se prevé a realización de entrevista persoal.

Méritos de valoración autonómica:

A valoración dos méritos autonómicos efectuarase de conformidade co disposto no Decreto 429/2009, do 26 de febreiro.

Méritos Xerais:

A valoración dos méritos xerais efectuarase de conformidade co disposto na normativa estatal reguladora.

Coñecemento da lingua galega:

De acordo co establecido no Decreto 103/2008, do 8 de maio, esíxese como requisito o coñecemento da lingua galega, que se acreditará mediante a presentación coa solicitude de participación no concurso ou da petición de cobertura do posto, da documentación xustificativa de estar en posesión do certificado da lingua galega (Celga 4) ou do seu equivalente.

Comisión de valoración:

Tribunal titular:

Presidencia: D^a Ana María Reyes Cambre, secretaria do Concello de Mazaricos.

Secretaría: D^a Patricia Fernández Pérez, interventora do Concello de Rianxo.

1º vogal: D. José Manuel González García, secretario do Concello de Porto do Son.

2º vogal: D^a Manuela Barcia Vázquez, interventora do Concello de Outes.

3º vogal: D^a. Ana María Ares Álvarez, secretaria do Concello de Padrón.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 19.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Tribunal suplente:

Presidencia: D^a María López Docampo, interventora do Concello de Noia
Secretaría: D. Faustino José Villamor Iglesias, interventor do concello de A Pobra do Caramiñal.
1º vogal: D^a Paula Suárez Cotelo, interventora do Concello de Camariñas.
2º vogal: D^a Sonia Lorenzo Barbeito, interventora do Concello de Muxía.
3º vogal: D^a Virginia Fraga Díaz, secretaria do Concello de Teo.

Terceiro: Nomear aos membros da comisión avaliadora que se designan nas bases citadas e notificar a cada un deles.

Cuarto: Expoñer ao público, mediante anuncio no BOP da Coruña, o presente acordo polo prazo de 15 días aos efectos do disposto no artigo 27 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios de habilitación de carácter nacional, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións no mencionado prazo. De non presentarse reclamacións, entenderase elevado a definitivo este acordo, sen necesidade de acordo expreso do Pleno Corporativo.

Lousame, a 15 de decembro de 2017.

A Alcaldía

M^a Teresa Villaverde Pais

.....

A Alcaldía explica que é urxente que canto antes sexa cuberta a praza de secretaría-intervención do Concello. No caso de esperar á convocatoria do concurso unitario, a praza sería cuberta no primeiro trimestre do ano 2019. En cambio, se a praza se inclúe no concurso ordinario, será convocada no primeiro semestre de 2018. Todo o tempo que se gañe na cobertura da praza é fundamental.

A Alcaldía abre a quenda de intervencións.

Non habendo intervencións sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos oito (8) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<Logo de ver que a praza de secretaría-intervención do Concello de Lousame **está** vacante, cómpre proceder á súa provisión en propiedade incluíndo a dita praza no vindelro concurso ordinario de méritos que se convoque.

*Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 19.12.2017.*





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O concurso ordinario de méritos é un sistema normal de provisión, tal e como establece o artigo 19 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro sobre o exercicio das competencias da comunidade autónoma de Galicia, respecto dos funcionarios con habilitación de carácter nacional e o artigo 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Así, é necesaria a aprobación das bases do concurso ordinario que fixen os méritos específicos do Concello de Lousame, que estean directamente relacionados coas características do posto de traballo e as funcións correspondentes e que garantan a idoneidade do candidato para o seu desempeño, así como a superación dos cursos de formación e perfeccionamento sobre as materias relacionadas con ditas características e funcións, debéndose remitir toda a documentación antes do 10 de febreiro á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Os méritos específicos valóranse en relación a tres grandes grupos. O primeiro, constituído por elementos diferenciábeis dentro da experiencia profesional do funcionario, non derivada da mera antigüidade (xa tida en conta no escalafón de méritos xerais), senón do seu traballo como habilitado nacional en entidades locais cunhas características competenciais semellantes ás do Concello de Lousame. O segundo grupo valora a formación especial, de carácter oficial, nunha multiplicidade de áreas que impliquen un coñecemento do funcionario no maior número de materias posibles. O terceiro grupo valora a actividade docente dirixida ao ensino de materias sobre o réxime local.

Logo de ver a Memoria que obra no expediente mediante a que se xustifica a inclusión dos méritos nas bases que rexerán o concurso ordinario que se convocará no 2018, e que outorgarán o 5% da puntuación total, isto é, 1,5 puntos, aos que se sumarán os méritos estatais e autonómicos que posúan os aspirantes.

Atendendo ao disposto no artigo 20 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios de habilitación de carácter nacional, a competencia para a aprobación destas bases corresponde ao pleno da Corporación.


Á vista dos antecedentes e fundamentos expostos, o Pleno Corporativo do Concello de Lousame **ACORDA**:

Primeiro: Incluír a praza de secretaría-intervención do Concello de Lousame no próximo concurso ordinario, de acordo co establecido no artigo 19 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios de habilitación de carácter nacional.

Segundo: Aprobar inicialmente as seguintes bases que rexerán o concurso ordinario da praza de secretaría-intervención do Concello de Lousame, e que outorgarán un máximo de 1,5 puntos en atención aos méritos específicos, segundo o establecido no

11

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 19.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

artigo 92 bls da Lei de Bases de Réxime Local, introducido pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade local:

Bases que rexerán o concurso ordinario para a provisión da praza de secretaría-intervención do Concello de Lousame (A Coruña)

Entidade e provincia: Concello de Lousame (A Coruña)
Denominación e clase de posto: secretaría-intervención
Subescala e categoría: secretaría-intervención, sen categoría
Poboación a 01.01.2016: 3.429 habitantes
Complemento de destino: 28
Complemento específico anual: 14.712,56 €

Baremo de méritos específicos:

A) Méritos profesionais (até un máximo de 0,72 puntos)

A.1) Servizos prestados en postos de traballo reservados a funcionarios de habilitación de carácter nacional da subescala de secretaría-intervención ou secretaría, en concellos de Galicia, calquera que sexa o tipo de nomeamento (definitivo, provisional, comisión de servizos ou acumulación), que contén cun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado, adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia ou Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia. Serán valorados a razón de 0,015 puntos por mes completo de servizo até un máximo de 0,36 puntos.

O Concello de Lousame conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Considérase conveniente valorar a experiencia do funcionario en Concellos cun planeamento adaptado, dada a importancia cuantitativa e cualitativa da área de urbanismo na vida municipal (planeamento, xestión, licenzas e disciplina) e tendo en conta que o secretario-interventor está chamado a efectuar o asesoramento xurídico así como o impulso da tramitación administrativa nesta materia.

Trátase dun mérito que está vinculado directamente ás funcións do posto, xa que o urbanismo non é unha competencia accesoria ou privativa de determinados municipios, senón un ámbito funcional irrenunciable e común a todos os concellos, polo que valorar este mérito resulta congruente e lexítimo. Por outra banda permite valorar unha específica experiencia (en concellos con planeamento adaptado) que resulta positiva para a eficacia municipal. Así tamén o recoñeceu o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa sentenza 842/2011 do 20.07.2011.

A.2) Servizos prestados en postos de traballo reservados a funcionarios de habilitación de carácter nacional da subescala de secretaría-intervención, calquera que sexa o tipo de nomeamento (definitivo, provisional, comisión de servizos ou acumulación), en concellos que presten directamente (con persoal propio) servizos públicos a maiores dos mínimos e obrigatorios que lle correspondan segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, representando o dito persoal unha porcentaxe superior ao 10% do total do persoal do dito concello. Serán valorados a razón de 0,015 puntos por mes completo de servizo até un máximo de 0,36 puntos.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 19.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O Concello de Lousame, como municipio cunha poboación inferior a 5.000 habitantes, está obrigado a prestar os servizos de alumado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

Pero ademais, o Concello de Lousame, presta outros servizos á cidadanía, non obrigatorios por razón da súa poboación (como o Servizo de Axuda no Fogar, Punto de Atención á Infancia e Centro de Día). A prestación destes servizos faise de xeito directo, a través de persoal propio adscrito aos ditos servizos: 3 efectivos no Servizo de Axuda no Fogar, 2 efectivos no Punto de Atención á Infancia e 4 efectivos no Centro de Día. Este persoal representa a porcentaxe do 24% no total do persoal do Concello de Lousame.

Ter prestado servizos nun concello que xestione directamente servizos públicos, máis alá dos mínimos e obrigatorios, outórgalle ao funcionario de habilitación nacional coñecementos e experiencia específicos nun amplo abano de materias: xestión do persoal adscrito aos ditos servizos (cobertura de vacantes, substitucións temporais), regulación do servizo para a súa utilización polos usuarios, exacción dos ingresos de natureza pública que procedan pola súa prestación e aprobación das ordenanzas específicas, contratación administrativa das subministracións necesarias para a prestación dos servizos, etcétera. Requírese que o persoal adscrito aos ditos servizos non obrigatorios represente unha porcentaxe superior ao 10% do total do persoal do dito concello, para garantir que teña a suficiente relevancia dentro da actividade municipal.

Trátase dun mérito que está vinculado directamente ás funcións do posto e permite valorar unha específica experiencia que resulta positiva para a eficacia municipal.

A experiencia profesional será acreditada mediante certificación expedida polo concello ou entidade na que se prestaron os servizos coa especificación das características sinaladas e tempo de servizos prestados.

B) Cursos de formación e perfeccionamento (até un máximo de 0,63 puntos)

Por tratarse dun pequeno municipio, a súa organización administrativa está composta fundamentalmente por persoal administrativo e auxiliar, que precisa dunha colaboración máis intensa do habilitado nacional para a tramitación dos expedientes administrativos que a que poida esixirse noutras entidades con maior número de técnicos especializados nas diferentes áreas administrativas.

Soamente se valorarán os cursos impartidos polas Administracións Públicas (Estatal, Autonómica e local), institutos ou escolas oficiais de administración pública (Inap, Egap, ...), Colexios Oficiais de Secretarios, Interventores e Secretarios-Interventores cando sexan recoñecidos e valorados polas Administracións Públicas e Universidades.

Non se valorarán aqueles cursos que teñan unha duración inferior ás 15 horas nin aqueles cursos realizados con máis de 15 anos de antelación á data da resolución pola que se aprobe a convocatoria do concurso.

Co obxecto de seleccionar un candidato que posúa formación específica no maior número de materias posibles, outorgarase unha puntuación de 0,02 puntos por cada curso, até un máximo de 0,10 puntos en cada unha das seguintes tipoloxías:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 1 Cursos en materia urbanística (xestión urbanística, disciplina urbanística, aspectos prácticos do urbanismo, etcétera): 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 2 Cursos en materia de contratación administrativa (contratación no ámbito local, aspectos prácticos da contratación, pregos contractuais, etcétera): 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 3 Cursos en materia electoral (réxime electoral local, disolución e constitución de corporacións tras as eleccións, etcétera): 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 4 Cursos sobre o patrimonio (xestión patrimonial nas entidades locais, administración dos recursos patrimoniais, etcétera): 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 5 Cursos en materia expropiatoria, en calquera das súas tipoloxías: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 6 Cursos sobre a xestión dos recursos humanos na administración local, racionalización dos recursos humanos, especialidades sobre o persoal laboral temporal, etcétera: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 7 Cursos sobre os servizos públicos locais: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 8 Cursos sobre a xestión de axudas e subvencións para as entidades locais: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 9 Cursos sobre a actividade de fomento das entidades locais: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 10 Cursos sobre a protección de datos de carácter persoal: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 11 Cursos sobre o dereito de publicidade, publicidade institucional, etcétera: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 12 Cursos sobre a fiscalización dos municipios e o control financeiro da intervención: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 13 Cursos sobre os orzamentos das entidades locais: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 14 Cursos sobre plans de axuste y plans económico-financeiros: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 15 Cursos sobre as tesourerías e xestión de ingresos locais: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 16 Cursos sobre as indemnizacións por razón do servizo: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 17 Cursos sobre poder local, cooperación internacional e acción exterior ou semellantes: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.

Acta do Pleno do Concello de Lousame,
Sesión extraordinaria e urgente do día 19.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 18 Cursos sobre o dereito público autonómico de Galicia: 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.
- 19 Cursos de especialización no coñecemento da lingua galega (linguaxe administrativa media ou superior, redacción de documentos técnico-xurídicos en galego): 0,02 puntos/curso, até un máximo de 0,10.

A puntuación máxima neste epígrafe será de 0,63 puntos.

A acreditación dos méritos correspondentes aos cursos de formación e perfeccionamento efectuarase por algún dos seguintes medios: 1) mediante a aportación do diploma ou certificado de asistencia no que figure a duración e superación do curso; 2) mediante certificado de servizos expedido pola Subdirección Xeral de Relacións con outras Administracións, onde figuren os cursos recibidos polo funcionario; 3) mediante certificado de servizos expedido polo organismo autonómico competente, onde figuren os cursos realizados polo funcionario.

C) Actividade docente (até un máximo de 0,15 puntos)

Valorarase cando vaia dirixida ao ensino das materias sobre réxime local, procedemento administrativo, contratación pública, urbanismo, persoal e réxime económico financeiro das entidades locais en cursos organizados, homologados ou recoñecidos polo Inap ou Egap.

A valoración deste mérito está vinculado directamente ás funcións do posto xa que a actividade docente implica o estudo en profundidade, a especialización e a excelencia nas materias que se imparten; que ao referirse ás propias da actividade municipal, supoñen a adquisición duns coñecementos que resultarán positivos para a eficacia e eficiencia municipais.

A súa valoración será a razón de 0,002 puntos por hora impartida e excluíranse congresos, conferencias, seminarios, xornadas, simposios, encontros ou semellantes. Acreditarase mediante certificado emitido polo organismo competente no que conste a materia e o número de horas impartidas

D) Entrevista persoal

Non se prevé a realización de entrevista persoal.

Méritos de valoración autonómica:

A valoración dos méritos autonómicos efectuarase de conformidade co disposto no Decreto 429/2009, do 26 de febreiro.

Méritos Xerais:

A valoración dos méritos xerais efectuarase de conformidade co disposto na normativa estatal reguladora.

Coñecemento da lingua galega:

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 19.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodeLousame.com
concellodeLousame@concellodeLousame.com
C.I.F. P-1504300-c

De acordo co establecido no Decreto 103/2008, do 8 de maio, esíxese como requisito o coñecemento da lingua galega, que se acreditará mediante a presentación coa solicitude de participación no concurso ou da petición de cobertura do posto, da documentación xustificativa de estar en posesión do certificado da lingua galega (Celga 4) ou do seu equivalente.

Comisión de valoración:

Tribunal titular:

Presidencia: D^a Ana María Reyes Cambre, secretaria do Concello de Mazaricos.
Secretaría: D^a Patricia Fernández Pérez, interventora do Concello de Rianxo.
1º vogal: D. José Manuel González García, secretario do Concello de Porto do Son.
2º vogal: D^a Manuela Barcia Vázquez, interventora do Concello de Outes.
3º vogal: D^a. Ana María Ares Álvarez, secretaria do Concello de Padrón.

Tribunal suplente:

Presidencia: D^a María López Docampo, interventora do Concello de Noia
Secretaría: D. Faustino José Villamor Iglesias, interventor do concello de A Pobra do Caramiñal.
1º vogal: D^a Paula Suárez Cotelo, interventora do Concello de Camariñas.
2º vogal: D^a Sonia Lorenzo Barbeito, interventora do Concello de Muxía.
3º vogal: D^a Virginia Fraga Díaz, secretaria do Concello de Teo.

Terceiro: Nomear aos membros da comisión avaliadora que se designan nas bases citadas e notificar a cada un deles.

Cuarto: Expoñer ao público, mediante anuncio no BOP da Coruña, o presente acordo polo prazo de 15 días aos efectos do disposto no artigo 27 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios de habilitación de carácter nacional, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións no mencionado prazo. De non presentarse reclamacións, entenderase elevado a definitivo este acordo, sen necesidade de acordo expreso do Pleno Corporativo>>

3) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2018".

A Alcaldía explica e da conta da proposta que se somete a aprobación do pleno corporativo:

.....
**PROPOSTA DE
ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS
OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2018"**

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urgente do día 19.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

D^a M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame (A Coruña), propón ao pleno corporativo a adopción do seguinte acordo.

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	1.028,50		1.028,50
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			1.028,50

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	218.630,53
Subtotal gasto corrente	218.630,53

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración		Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2018				

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibiles")		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Pavimentación viais Arxellas (Camboño) e outros	1532	105.224,12	0,00	105.224,12
Pavimentación viais en Carantoña	1532	108.252,81	0,00	108.252,81
Subtotal investimentos achega provincial 2017		213.476,93	0,00	213.476,93

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración		Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urgente do día 19.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Vial en Cernande (Tállara)	81.526,25	0,00	81.526,25
Pavimentación viais Aldariz e outros	64.905,59	0,00	64.905,59
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018	146.431,84	0,00	146.431,84

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
Subtotal achega municipal 2018	

Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017		Deputación
Denominación	Grupo de programa	
Subtotal achega municipal 2017		

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria	0182594789545656896	39.522,67
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria	0182594789546103405	4.457,89
Banco Santander	004967791030000024	3.467,50
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		47.448,06

G) Resumo:

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 19.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	1.028,50		1.028,50
	Achega 2018	0,00		0,00
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	218.630,53		218.630,53
C- INCREMENTOS	Achega 2018	0,00	0,00	0,00
	Achega 2017	213.476,93	0,00	213.476,93
	Préstamo 2018	146.431,84	0,00	146.431,84
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018			
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018			
	Achega 2017			
F- REDUCCIÓN DÉBIDA	Préstamo 2018	47.448,06		47.448,06
TOTAL	Achega 2018	218.630,53	0,00	218.630,53
	Achega 2017	214.505,43	0,00	214.505,43
	Préstamo 2018	193.879,90	0,00	193.879,90
	TOTAL	627.015,86	0,00	627.015,86

2.- Aprobado o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os incrementos financeiros sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos incrementos "financeiramente sostibles" (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Camiño Servia-Estrada Padrón-Portobravo e outro	1532	130.092,20
Camiño da Silva a Estrada Seoane (Lousame) e outro	1532	37.116,46
TOTAIS		167.208,66

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos incrementos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos incrementos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 19/12/2017.

19



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Lousame, a 15 de decembro de 2017

A Alcaldía
M^a Teresa Villaverde Pais

A Alcaldía explica cada unha das obras e investimentos que se inclúen no POS+ 2018 e apertura a quenda de intervencións.

D. Julio M. D. Paradela Busto comeza a súa intervención sinalando que bota en falta que non se tivera unha reunión previa para consensuar as obras. Para saneamento non se reserva ningunha partida e hai cantidade de lugares que non o teñen. Unha das obrigas do Concello de Lousame é o tema do alcantarillado. Considera que todas as obras son necesarias, pero quizáis sexa bo priorizar unhas sobre outras... Está pensando en Pousada, Cruído, etc. Existen interiores de núcleos que teñen dificultade de acceso para os servizos básicos. Por outra banda, esixe do equipo de goberno que esta vixiante para que unha vez que se fagan obras, se existen danos causados por terceiras persoas ou empresas, que se responsabilicen deses danos, e que non sempre sexa a cargo do erario público eses arranxos. Anuncia a abstención do GPM do PSOE por todos estes motivos expostos.

A Alcaldesa explica que na anterior Comisión de Seguemento e Control se pediron aportacións aos diferentes grupos sobre obras a incluír no POS e que ela saíba non se fixo ningunha aportación. En relación a Pousada explica que xa está axudicada a obra do acceso á Pousada, no que se refire á vía máis deteriorada desa zona. En relación a Cruído xa se fixo unha actuación en formigón importante, dende o acceso por debaixo do local social até o final. Na zona de Fontefría tamén se botou aglomerado e ten pendente o Concello de colocar dúas arquetas. Recoñece que Sabugueiro precisa dunha actuación pero o equipo de goberno considera máis oportuno acabar na zona de San Xusto, que quedaba moi pouco por rematar. Pero xa teñen o proxecto redactado para a zona de

20

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 19.12.2017.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Sabugueiro até a estrada xeral e poder incluír no próximo Plan. A zona de Gandarela se vai ver mellorada cun plan da Xunta de Galicia. En relación ao saneamento, vaise facer este ano a depuradora e o saneamento acometerase no 2018. A aldea de Cairo asfaltouse toda no ano 2014. Claro que ao equipo de goberno lle gustaría poder actuar en tódolos lugares, pero os recursos son limitados e hai que ir pouco a pouco. Convida ao Sr. Paradela Busto e elaborar un plano onde se reflicta todas as actuacións que se fixeron nos diferentes lugares do Concello e os tramos de saneamento que se foron poñendo en funcionamento.

Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por cinco (5) votos a favor (dos concelleiros do GPM do PP) e tres (3) abstencións (dos concelleiros do GPM do PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría simple, adopta o seguinte ACORDO:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	1.028,50		1.028,50
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			1.028,50

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	218.630,53
Subtotal gasto corrente	218.630,53

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total

21

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 19.12.2017.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Subtotal investimentos achega provincial 2018			

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibles")		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Pavimentación viais Arxellas (Camboño) e outros	1532	105.224,12	0,00	105.224,12
Pavimentación viais en Carantoña	1532	108.252,81	0,00	108.252,81
Subtotal investimentos achega provincial 2017		213.476,93	0,00	213.476,93

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Vial en Cernande (Tállara)	81.526,25	0,00	81.526,25
Pavimentación viais Aldaríz e outros	64.905,59	0,00	64.905,59
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018	146.431,84	0,00	146.431,84

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación

22

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 19.12.2017.

CONCELLO DE
LOUSAME - (A Coruña)



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Subtotal achega municipal 2018	
---------------------------------------	--

Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017		Deputación
Denominación	Grupo de programa	
Subtotal achega municipal 2017		

F) Redución de débeda con entidades financeiras:


Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria	0182594789545656896	39.522,67
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria	0182594789546103405	4.457,89
Banco Santander	004967791030000024	3.467,50
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		47.448,06

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	1.028,50		1.028,50
	Achega 2018	0,00		0,00
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	218.630,53		218.630,53
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018	0,00	0,00	0,00
	Achega 2017	213.476,93	0,00	213.476,93
	Préstamo 2018	146.431,84	0,00	146.431,84
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018			

Acta do Pleno do Concello de Lousame,
Sesión extraordinaria e urgente do día 19.12.2017.

23





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018			
	Achega 2017			
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	47.448,06		47.448,06
TOTAL	Achega 2018	218.630,53	0,00	218.630,53
	Achega 2017	214.505,43	0,00	214.505,43
	Préstamo 2018	193.879,90	0,00	193.879,90
	TOTAL	627.015,86	0,00	627.015,86

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:


Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Camión Servia-Estrada Padrón-Portobravo e outro	1532	130.092,20
Camión da Silva a Estrada Seoane (Lousame) e outro	1532	37.116,46
TOTAIS		167.208,66

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodeousame.com
concellodeousame@concellodeousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

E non habendo outros asuntos dos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidentencia rematouse a sesión sendo ás dez horas e vinte e cinco minutos (10:25 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE

María Teresa Villaverde Pais

A SECRETARIA-INTERVENTORA

Paula Ares Otero



